

Material didáctico secundaria · 41.º Concurso Escolar ONCE

concursoescolaronce.es/material-secundaria/introduccion/

1. O GRUPO SOCIAL ONCE

O Grupo Social ONCE actúa como **un modelo social e económico único no mundo**, co que trata de incorporar á realidade social a moitas persoas con discapacidade (e moitas sen discapacidade), que o teñen máis difícil.

Como tal, ten fixadas as súas prioridades na **plena inclusión e o acceso á vida independente** das persoas cegas e con outras discapacidades, a través do desenvolvemento de actividades en tres áreas de acción:

ONCE

Referente de **inclusión e autonomía** das persoas con discapacidade visual grave. Basea o seu labor na xestión de produtos de lotería responsábel, segura e social, accesibilidade baixo estrito control público, e coa reinvestimento íntegro de todos os beneficios en **retorno social**.

Fundación ONCE

Creada en 1988 para estender a solidariedade do modelo social da ONCE ao resto das persoas con discapacidade e fomentar así a súa **inclusión laboral**, actuando sobre as pancas da **formación e o emprego** como vía de futuro.

Ilunion

Marca das **iniciativas empresariais** do Grupo Social ONCE, unidas baixo un paraugas **económico-social** iversificado en seis grandes áreas (servizos; hoteleira e hospitalaria; consultoría; sociosanitaria; comercialización; e economía circular) co fin último da **sustentabilidade e o emprego** de persoas con discapacidade.

O **Grupo Social ONCE** é máis que a suma de ONCE, Fundación ONCE e Ilunion: son persoas que traballan en equipo cun **compromiso continuo coa sociedade**, para tratar de impulsar sociedades máis xustas e inclusivas.

Fonte: <https://gruposocialonce.com/informedevalorcompartido>

BIBLIOTECA DE RECURSOS

- [Libro branco da atención temprana](#)
- [Documentos sobre atención temprana](#)
- [Guías para familias de nenos con discapacidade visual](#)

- Qué son os CRE, centros de recursos educativos da ONCE
- Catálogo de aplicacións accesíbeis para discapacidade visual na escola inclusiva

2. INFORME 2023 DO OBSERVATORIO ESTATAL DA SOIDADE NON DESEXADA

A soidade non desexada é un problema importante, como mostra o Informe de percepción social da soidade non desexada, realizado polo Observatorio Estatal da Soidade Non Desexada en 2023.

A soidade non desexada afecta especialmente á xuventude.

1. A soidade afecta a unha de cada catro persoas mozas en España. A porcentaxe de mozas e mozos de entre 16 e 29 anos que afirma sentirse nunha situación de soidade alcanza el 25,5 %.
2. Preto da metade de mozas e mozos que se senten sós actualmente levan sentíndose sós desde fai máis de tres anos (45,7 %).
3. Dous de cada tres mozas e mozos, o 69,0 %, séntense sós ou sentíronse sós nalgún momento da súa vida.
4. A gran maioría de mozos e mozas (un 77,1 %) afirma coñecer a outras persoas que poidan sentirse soas sen desexalo.

3. POR QUE PARTICIPAR

Animámosvos a participar nesta 41.^a edición do Concurso Escolar para que os nenos, nenas, mozos e mozas poidan **reflexionar e dirixir a mirada** cara a situacións do ámbito escolar onde se poden dar casos de soidade non desexada entre os seus iguais, e **propoñer iniciativas** que poidan reverter a situación.

Por esta razón, nesta ocasión presentamos un **material didáctico baseado nas recomendacións e conclusións do Informe da soidade non desexada**, baixo as metodoloxías de **Gamificación e Aprendizaxe-servizo**:

- **1. Previr.** Fomentar a educación emocional e as habilidades intrapersoais, para consolidar a confianza e a autoestima.
- **2. Detectar.** Identificar situacións e casos de soidade xuvenil, desde a empatía e a escoita activa.
- **3. Intervir.** Fomentar as relacións sociais mediante o lecer saudábel, creando espazos de interacción social.